



## NOTA INFORMATIVA SOBRE NOVA PAUTA DE VACINACIÓN FRONTE Á HEPATITE B

O vindeiro 1 de xaneiro de 2017 entra en vigor o novo Calendario de vacinación infantil, modificado pola orde que foi publicada o venres día 9 de decembro de 2016 no DOG, que establece entre outras medidas a **supresión da vacinación fronte á hepatite B ao nacemento**, reservándose esta vacinación ao nacer só para fillos de nais portadoras de AxHBs así como de nais nas que no momento do parto se descoñece o resultado serolóxico.

Por este motivo é necesario **garantir a realización do cribado da hepatite B na embarazada** así como da profilaxe perinatal, coa finalidade de evitar casos de transmisión desta infección e o desenvolvemento da enfermidade nos recén nacidos.

O cribado da hepatite B na embarazada é unha actuación ben establecida na clínica habitual e forma parte das actuacións dentro da guía de control de embarazo. Con esta importante modificación no calendario vacinal (supresión vacina HB ao nacer) faise necesario lembrar a todo o persoal que intervén nos coidados prenatais, especialmente xinecólogos/obstetras, matronas, médicos de familia.., a importancia de que realicen o cribado prenatal da hepatite B para salvagardar a saúde destes nenos. A actitude a seguir nos recén nacidos vai depender dos resultados do cribado prenatal:

- Fillos de nai portadoras AxHBs positivo: deben recibir unha dose de vacina fronte a hepatite B xunto con Inmunoglobulina específica fronte á hepatite B (HBIG) nas primeiras 24 horas de vida (a ser posible nas primeiras 12), por vía intramuscular na cara antero-lateral da coxa e en lugares anatómicos diferentes.
- No caso de fillos de nai con seroloxía descoñecida no momento do parto:
  - Os fillos deberán recibir a vacina fronte á hepatite B nas primeiras 24 horas de vida (a ser posible nas primeiras 12),
  - Débese realizar unha seroloxía urgente da nai e, dependendo dos resultados:
    - Se o resultado é positivo (AxHBs +): administrar HBIG nos primeiros 7 días de vida, en lugar anatómico diferente a da administración da vacina.



- Se non se coñece o resultado nos primeiros 7 días de vida: haberá que actuar como no caso de fillo de nai portadora (AxHBs+): Vacina + HBIG.
- Se é negativo: debe seguir coa pauta vacinal tal e como se indica a continuación.

En calquera caso é necesario que todos os nenos continúen a súa pauta de vacinación fronte á hepatite B como parte do calendario vacinal (2/4/11 meses) a maiores das actuacións realizadas nos supostos anteriores.

Máis información sobre o novo calendario a pode atopar en:

<http://www.sergas.es/Saude-publica/Calendario-vacinacion-infantil-2017>

O director xeral de Saúde Pública  
Andrés Paz-Ares Rodríguez

